



## CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña  
[correo@vilasantar.gal](mailto:correo@vilasantar.gal) [www.vilasantar.gal](http://www.vilasantar.gal) 981 778 169



VILASANTAR  
Un refuxio natural

Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, na data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

### **ASUNTO: RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE NOMEAMENTO. PROCESO SELECTIVO DE DÚAS PRAZAS DE AUXILIAR DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN NA QUENDA LIBRE E FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO DO CONCELLO DE VILASANTAR.**

**EXPEDIENTE: 2026/G003/000198 (Decretos).**

**EXPEDIENTE: 2026/E001/000001 (Convocatoria Selección Persoal)**

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que por resolución de alcaldía nº 148/2026, de 19 de Maio de 2026, aprobouse a lista definitiva de admitidos para a selección de persoal laboral fixo e bolsa de traballo para dúas prazas de auxiliar do servizo de axuda no fogar.

Vista a acta asinada polo tribunal encargado da selección o día 27/05/2026, do proceso de selección persoal laboral fixo e bolsa de traballo para dúas prazas de auxiliar do servizo de axuda no fogar.

Visto que por resolución de alcaldía nº 169/2026 de data 28/05/2026 pola que se aproba a resolución provisional de nomeamento e se establece un prazo de cinco días hábiles contados dende o seguinte á publicación para que as candidatas podan presentar as alegacións que consideren oportunas.

Trancorrido o prazo de presentación de alegacións sen que se presentase ningunha,

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, **Resolvo:**

**PRIMEIRO.-** Propoñer de forma definitiva para a formalización do contrato laboral fixo para dúas prazas de auxiliar do servizo de axuda no fogar, das seguintes candidatas:

DNI	Apelidos e Nome	Puntuación total
33*****5Z	M <sup>a</sup> Jesús Abad Sesar	20,00
32*****4F	Cristina Sánchez Bermúdez	15,00



## CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña

[correo@vilasantar.gal](mailto:correo@vilasantar.gal) [www.vilasantar.gal](http://www.vilasantar.gal) 981 778 169



VILASANTAR  
Un refuxio natural

**SEGUNDO.-** Propoñer a creación dunha bolsa de traballo, por orde decrecente das puntuacións acadadas no proceso selectivo, daquelas candidatas que non foron propostas para a contratación,:

DNI	Nome e apelidos	Total
51*****3K	Hilda Beatriz Luya Paucar	14,00
X4*****6X	Rayisa Teleutsa	13,50
78*****2Q	M <sup>a</sup> Esther García Abad	12,50
79*****7A	Laura Bra Sanchez	12,00

**TERCEIRO.-** Establecer un prazo de cinco días hábiles contados dende o seguinte á publicación de esta resolución para que as candidatas podan presentar a documentación que establece a cláusula décima das bases reguladoras do proceso selectivo de dúas prazas de axuda no fogar (SAF) mediante o sistema de oposición na quenda libre e formación de bolsa de traballo.

**CUARTO.-** Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación.

**QUINTO.-** Informar ao Pleno da corporación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Mándao e asíno a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria - Interventora, Maria Chao Carballeira, dou fe.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.**